



PARLAMENTO  
DE GALICIA



## BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

---

XII lexislatura  
Número 108  
28 de outubro de 2024



## SUMARIO

### 1. Procedementos parlamentarios

#### 1.1. Procedementos de natureza normativa

##### 1.1.2. Propostas de normas

##### 1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

##### 1.1.2.1.1. Proxectos de lei

■ Cualificación das emendas ao articulado presentadas ao Proxecto de lei de estatística de Galicia

—Do G. P. Popular de Galicia (doc. 13724) [46567](#)

—Do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. 13723) [46570](#)

—Do G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. 13722) [46577](#)

#### 1.3. Procedementos de control e impulso

##### 1.3.6. Proposicións non de lei

##### 1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

##### 1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 6ª, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO

#### Aprobación sen modificacións

##### ■ 12167 (12/PNC-001158)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Carrera, María Felisa e sete deputados/as máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxectivo de que colabore con recursos procedentes dos fondos Next Generation no financiamento das necesidades do sector do comercio galego [46564](#)

#### Aprobación por unanimidade con modificacións

##### ■ 1357 (12/PNC-000155)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón Tomás e tres deputados/as máis

Sobre a demanda ao Goberno galego dun plan de rehabilitación e de posta en valor do mosteiro de Santa María de Monfero [46565](#)

#### Aprobación por unanimidade sen modificacións

##### ■ 11427 (12/PNC-001079)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez López, Lara e dous deputados/as máis

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia co fin de axilizar a execución dos fondos Next Generation destinados ao Plan de modernización e competitividade do sector turístico [46562](#)



## Rexeitamento da iniciativa

### I 10818 (12/PNC-001016)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que o Goberno galego debe levar a cabo en relación coa actividade na mina de Penouta, en Viana do Bolo

[46566](#)

### I 11917 (12/PNC-001138)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonzo, Ramón Tomás e Ruanova Vilas-Boas, Brais

Sobre o último acordo asinado polo Goberno central e os axentes sociais relativo á xubilación no sector manufactureiro

[46566](#)



## 1. Procedementos parlamentarios

### 1.1. Procedementos de natureza normativa

#### 1.1.2. Propostas de normas

##### 1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

###### 1.1.2.1.1. Proxectos de lei

### Cualificación das emendas ao articulado presentadas ao Proxecto de lei de estatística de Galicia

A Mesa da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, na súa sesión do día 28 de outubro de 2024, adoptou o seguinte acordo:

Examinados os escritos presentados e dado que se axustan aos requisitos establecidos no Regulamento da Cámara, acorda a súa admisión co seguinte detalle:

Emendas ao articulado:

- Do G. P. Popular de Galicia (doc. 13724)
- Do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. 13723)
- Do G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. 13722)

Santiago de Compostela, 28 de outubro de 2024  
Miguel Ángel Santalices Vieira  
Presidente

## 1.3. Procedementos de control e impulso

### 1.3.6. Proposicións non de lei

#### 1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

##### 1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

### A Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, na súa sesión do 25 de outubro de 2024, adoptou os seguintes acordos:

COMISIÓN 6ª, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO

#### Aprobación sen modificacións

- 12167 (12/PNC-001158)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Carrera, María Felisa e sete deputados/as máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxectivo de que colabore con recursos procedentes dos fondos Next Generation no financiamento das necesidades do sector do comercio galego

BOPG nº 97f1, do 09.10.2024

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións por 14 votos a favor, 0 votos en contra e 2 abstencións.



O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para demandar a transferencia a favor da nosa Comunidade Autónoma de recursos procedentes dos fondos europeos Next Generation co obxecto de financiar as necesidades do comercio galego e das súas asociacións e federacións.»

### **Aprobación por unanimidade con modificacións**

- 1357 (12/PNC-000155)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonzo, Ramón Tomás e tres deputados/as máis

Sobre a demanda ao Goberno galego dun plan de rehabilitación e de posta en valor do mosteiro de Santa María de Monfero

BOPG nº 12f2, do 17.04.2024

Sométese a votación e resulta aprobada con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 16 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que, coa participación doutras administración e nomeadamente co Goberno de España, impulsar un plan para a rehabilitación e posta en valor do Mosteiro de Santa María de Monfero e para a súa inclusión nos itinerarios turísticos, así como a procurar as vías para facerse coa titularidade do conxunto patrimonial.»

### **Aprobación por unanimidade sen modificacións**

- 11427 (12/PNC-001079)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez López, Lara e dous deputados/as máis

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia co fin de axilizar a execución dos fondos Next Generation destinados ao Plan de modernización e competitividade do sector turístico

BOPG nº 91f2, do 25.09.2024

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 16 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Axilizar e priorizar a tramitación das prórrogas dos plans de sustentabilidade.
2. Dar soporte técnico a aqueles concellos que se atopan en niveis baixos de execución por falta de medios técnicos para realizar as contratacións e desenvolver a carga e validación de documentación na plataforma cofee.»



**Rexeitamento da iniciativa**

- 10818 (12/PNC-001016)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que o Goberno galego debe levar a cabo en relación coa actividade na mina de Penouta, en Viana do Bolo

BOPG nº 88f1, do 20.09.2024

Sométese a votación e resulta rexeitada por 7 votos a favor, 9 votos en contra e 0 abstencións.

- 11917 (12/PNC-001138)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón Tomás e Ruanova Vilas-Boas, Brais

Sobre o último acordo asinado polo Goberno central e os axentes sociais relativo á xubilación no sector manufactureiro

BOPG nº 95f1, do 02.10.2024

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 11 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 25 de outubro de 2024

María Montserrat Prado Cores

Vicepresidenta 2ª





## EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA PROXECTO DE LEI DE ESTATÍSTICA DE GALICIA (NUM. EXPE. 12/PL-000003)

Emenda n<sup>o</sup> 1, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 5

Modifícase a letra d) do apartado 1 do artigo 5, que queda redactado como segue:

"d) Accesibilidade e claridade: as estatísticas difundiranse, garantindo o acceso neutral e doado das persoas ou entidades usuarias e achegando información complementaria para facilitar o seu uso e interpretación."

---

Emenda n<sup>o</sup> 2, ao apartado 6, de Modificación. Artigo 19

Modifícase o apartado 6 do artigo 19, que queda redactado como segue:

"6. O Instituto Galego de Estatística será, con carácter xeral, o organismo responsable das estatísticas cuxo ámbito de investigación implique varios sectores económicos ou ámbitos sociais e participará na elaboración e execución das de síntese relacionadas co sistema integrado de contas económicas, das demográficas **e das que se realicen mediante enquisa.**"

---

Emenda n<sup>o</sup> 3, ao apartado 6, de Modificación. Artigo 26

Modifícase o apartado 6 do artigo 26, que queda redactado como segue:





"6. Poderanse difundir microdatos como ficheiro de datos de uso público, integrado por rexistros anónimos e respectuosos co segredo estatístico.  
**Cando a información fose transmitida por outra entidade pública, solicitarase a súa autorización.**"

---

Emenda n<sup>o</sup> 4, de Modificación. Artigo 34

Modifícanse os números 3 e 4 do artigo 34, ao suprimirse as súas letras a)  
Polo que este artigo quedaría redactado como segue:

"Artigo 34. Clasificación

1. As infraccións ao preceptuado nesta lei clasifícanse en leves, graves ou moi graves.

2. Son infraccións leves:

a) Fornecer información obrigatoria aos efectos estatísticos fóra do prazo establecido, cando esta conduta non producise un prexuízo grave aos órganos estatísticos.

b) Non fornecer información obrigatoria aos efectos estatísticos, ou facelo con datos inexactos ou incompletos, cando esta conduta non producise un prexuízo grave aos órganos estatísticos.

3. Son infraccións graves:

a) Fornecer información obrigatoria aos efectos estatísticos fóra do prazo establecido, cando esta conduta producise un prexuízo grave aos órganos estatísticos.

b) Non fornecer información obrigatoria aos efectos estatísticos, ou facelo con datos inexactos ou incompletos, cando esta conduta producise un prexuízo grave aos órganos estatísticos.







c) Non cumprir a obriga das persoas responsables de elaborar ou difundir estatísticas de gardar reserva sobre os resultados das mesmas ata a súa publicación.

4. Son infraccións moi graves:

a) Incumprir o deber de segredo estatístico.

b) Utilizar os datos obtidos polos órganos estatísticos para finalidades distintas das propiamente estatísticas.

c) Fornecer datos falsos aos órganos estatísticos.

d) Esixir información para elaborar estatísticas sen ter a condición de persoal ou axente estatístico."

---

Emenda n<sup>o</sup> 5, ao apartado I, de Modificación. Exposición de motivos

Modifícase o parágrafo sétimo da exposición de motivos, que quedaría redactado:

"A este marco normativo cómpre engadir o Regulamento (CE) n<sup>o</sup> 223/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de marzo do 2009, relativo á estatística europea, e, con carácter supletorio, a Lei 12/1989, do 9 de maio, da función estatística pública, que limita o seu ámbito de actuación ás estatísticas para fins estatais desenvolvidas pola Administración xeral do Estado, **o Banco de España e o Consello Xeral do Poder Xudicial**, sen aspirar, tal e como se reflicte na súa parte expositiva, a regular un sistema estatístico xeral que inclúa a actividade do Estado e das comunidades autónomas, cuxa conexión só pode daquela resultar da cooperación. Baixo estas premisas, a Lei 12/1989, do 9 de maio, crea o Comité Interterritorial de Estatística, órgano con representación dos servizos estatísticos central e autonómicos, mais que non está facultado para tomar decisións vinculantes nin está a ser capaz de sustentar un esquema eficaz de cooperación. Esta situación perdura logo de se modificar a Lei 12/1989, do 9 de maio, dentro da Lei 13/2022,





## EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO PROXECTO DE LEI DE ESTATÍSTICA DE GALICIA (NUM. EXPE. 12/PL-000003)

Emenda n<sup>o</sup> 1, de Adición. Artigo 1

No artigo 1 engadir o texto: "e de servizos", despois de: "ambiental", de maneira que quede expresado da seguinte forma: "financeira, ambiental e de servizos de Galicia e..."

---

Emenda n<sup>o</sup> 2, de Adición. Artigo 1

No artigo 1 engadir na última liña o texto: "condicións de vida, intereses, fins e", despois de: "relativa", e antes de: "competencias da Comunidade Autónoma."

---

Emenda n<sup>o</sup> 3, ao apartado b), de Modificación. Artigo 3

No apartado b) do artigo 3, substituír o texto polo seguinte:

"Operación nova: operación programada nos estados de implantación, para comprobar a viabilidade do seu proxecto técnico, ou programada no estado de reestruturación, para comprobar a viabilidade da modificación substancial do proxecto técnico."

---

Emenda n<sup>o</sup> 4, ao apartado b), de Supresión. Artigo 4





do 7 de xullo, xeral de comunicación audiovisual, en prol de reforzar o papel da estatística pública e adaptala á regulamentación europea."

---

**Asinado dixitalmente por:**

**Alberto Pazos Couñago na data 23/10/2024 17:51:21**





No apartado b) do artigo 4 suprimir o texto:

“e sen presión dos grupos políticos ou de interese,”.

---

Emenda n<sup>o</sup> 5, ao apartado b), de Adición. Artigo 4

No apartado b) do artigo 4 engadir o seguinte texto in fine:

“sen prexuízo das consideracións respecto das temáticas a atender que poidan trasladar os poderes públicos e, sigularmente, o Parlamento de Galiza.”

---

Emenda n<sup>o</sup> 6, ao apartado c), de Adición. Artigo 4

No apartado c) do artigo 4 engadir o seguinte texto in fine:

“e tendo en conta a perspectiva de xénero.”

---

Emenda n<sup>o</sup> 7, ao apartado e), de Supresión. Artigo 4

No apartado e) do artigo 4 suprimir o texto:

“os custos de elaborar estatísticas han de ser proporcionais á importancia dos resultados e beneficios buscados”.

---

Emenda n<sup>o</sup> 8, ao apartado e), de Modificación. Artigo 4

No apartado e) do artigo 4 substituír o texto polo seguinte:

“Velarase polo emprego eficiente dos recursos e procurarase minimizar a carga de resposta. En liña con este principio, utilizarase como fonte





prioritaria de información a dispoñible nos ficheiros de datos administrativos, estatísticos ou doutro tipo, e promoverase o seu enlace con fin estatísticos.”

---

Emenda n<sup>o</sup> 9, ao apartado g), de Adición. Artigo 4

Engadir un novo apartado g) no artigo 4 co seguinte texto:

“g) Proporcionalidade: no desenvolvemento da estatística galega procurárase aplicar o criterio de correspondencia entre a contía da información que se solicita e os resultados que se pretenden obter do seu tratamento.”

---

Emenda n<sup>o</sup> 10, ao apartado h), de Adición. Artigo 4

Engadir un novo apartado h) no artigo 4 co seguinte texto:

“h) Especialidade: os datos recollidos para a elaboración de estatísticas destinaranse aos fins que xustificaron a súa obtención, sen prexuízo das cesións que poidan realizarse para fins científicos e de conformidade coa normativa xeral de protección de datos.”

---

Emenda n<sup>o</sup> 11, ao apartado 1. d), de Adición. Artigo 5

Engadir no subapartado d) do apartado 1 do artigo 5 o seguinte texto in fine:

“así como a reutilización dos datos.”

---

Emenda n<sup>o</sup> 12, ao apartado 1. e), de Adición. Artigo 5





Engadir no subapartado e) do apartado 1 do artigo 5 o seguinte texto in fine:

“e procurarase a comparabilidade entre estatísticas propias e doutros sistemas estatísticos, no Estado e na Unión Europea.”

---

Emenda n<sup>o</sup> 13, ao apartado 3, de Adición. Artigo 5

Engadir un novo apartado 3 no artigo 5 co seguinte texto:

“3. Os informes anuais de seguimento dos Programas estatísticos farán seguimento da aplicación dos criterios de calidade estatística.”

---

Emenda n<sup>o</sup> 14, ao apartado 1. k) bis ), de Adición. Artigo 9

Engadir no apartado 1 do artigo 5 un novo subapartado k) bis) co seguinte texto:

“k) bis) Promover a presenza equilibrada de homes e mulleres e velar pola perspectiva de xénero no desenvolvemento da súa actividade.”

---

Emenda n<sup>o</sup> 15, ao apartado 3, de Adición. Artigo 15

No artigo 15 engadir un novo apartado 3 co seguinte texto:

“3. Na designación de persoas representantes da Administración autonómica e de cada unha entidades que designen máis dunha persoa representante aplicarase o principio de composición equilibrada entre homes e mulleres.”

---

Emenda n<sup>o</sup> 16, de Adición. Artigo 18





No artigo 18 engadir un novo parágrafo co seguinte texto:

"De ser o caso, e por petición do Parlamento, a persoa titular da dirección do Instituto Galego de Estatística dará conta do dito informe mediante unha comparecencia específica."

---

Emenda n<sup>o</sup> 17, de Adición. Disposición adicional sétima

Engadir unha nova disposición adicional sétima co seguinte texto:

"Disposición adicional sétima – Creación do Rexistro galego de familias monoparentais e impulso ao estudo estatístico da monoparentalidade e as súas características."

---

Emenda n<sup>o</sup> 18, de Adición. Disposición adicional oitava

Engadir unha nova disposición adicional oitava co seguinte texto:

"Disposición adicional oitava – O IGE elaborará de forma periódica a macroenquisa galega sobre violencia machista. Corresponde á organización estatística da comunidade programar, en colaboración cos organismos pertinentes da administración galega, a elaboración periódica da macroenquisa galega sobre a violencia de xénero."

---

Emenda n<sup>o</sup> 19, de Adición. Disposición adicional novena

Engadir unha nova disposición adicional novena co seguinte texto:

"Disposición adicional novena - Elaboración periódica da conta satélite de produción doméstica para a valoración do traballo doméstico, de coidados e comunitario. Corresponde á organización estatística da comunidade programar as actuacións estatísticas necesarias para





desenvolver o mandato do Artigo 28 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galiza, para o que impulsará as actuacións pertinentes para evitar a súa demora no tempo.”

---

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Pontón Mondelo na data 23/10/2024 17:19:58**







## EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO SOCIALISTAS DE GALICIA PROXECTO DE LEI DE ESTATÍSTICA DE GALICIA (NUM. EXPE. 12/PL-000003)

Emenda n<sup>o</sup> 1, ao apartado f, de Adición. Artigo 4

Débase engadir unha nova alínea no artigo 4 que quedará redactada co seguinte contido:

"f *bis*)Proporcionalidade: criterio que corresponde entre a contía e a información que se solicita e os resultados que se pretenden obter co tratamento."

---

Emenda n<sup>o</sup> 2, ao apartado f, de Adición. Artigo 4

Débase engadir unha nova alínea no artigo 4 que quedará redactada co seguinte contido:

"f *ter*)Especialidade: os datos recollidos para elaborar estatísticas se destinan aos fins que xustificaron a súa obtención, e sen prexuízo das cesións que poidan realizarse para fins científicos de conformidade coa normativa de protección de datos."

---

Emenda n<sup>o</sup> 3, ao apartado 2, de Adición. Artigo 14

Débase engadir unha nova alínea no punto 2 do artigo 14 que quedará redactado co seguinte contido:





"j) Colaborar co IGE na difusión de estatísticas elaboradas polos órganos estatísticos sectoriais."

---

Emenda n<sup>o</sup> 4, ao apartado 4, de Adición. Artigo 16

Débase engadir un novo parágrafo no punto 4 do artigo 16, que quedará redactado co seguinte contido:

"Constituiranse os grupos de traballo cando se identifiquen a necesidade de incluír novas estatísticas na elaboración no novo plan de estatística."

---

Emenda n<sup>o</sup> 5, ao apartado 2, de Adición. Artigo 23

Débase engadir un novo parágrafo no punto 2 do artigo 23, que quedará redactado co seguinte contido:

"Non estarán sometidos á obrigatoriedade de colaboración a obtención de datos aos que se refiren os artigos 16.2 e 18.1 da Constitución Española. Nestes casos a colaboración sempre será voluntaria, previo consentimento dos informantes tras ser advertidos do seu dereito a non fornecer a dita información."

---

Emenda n<sup>o</sup> 6, ao apartado 3, de Modificación. Artigo 23

Débase modificar o punto 3 do artigo 23, que quedará redactado co seguinte contido:

"3. As persoas informantes, tanto na súa colaboración obrigatoria como voluntaria, deben contestar as preguntas dos órganos estatísticos de xeito veraz, exacto e completo, o tempo, na forma e coas características aprobadas polas normas reguladoras de cada estatística."





---

Emenda n.º 7, ao apartado 9, de Modificación. Artigo 26

Débese modificar no punto 9 o seguinte contido:

Onde di: "... o que se poderá acceder..."; debe dicir: "... se accederá...".

---

Emenda n.º 8, de Adición. Exposición de motivos

Débese engadir ao final da II epígrafe da exposición de motivos un novo parágrafo que será redactado co seguinte contido:

"A Lei de Gobernanza de Datos (Data Governance Act) entrou en vigor en xuño de 2023. O seu obxectivo é facilitar o intercambio de datos entre sectores e países da UE, aumentando a confianza nos intermediarios de datos e reforzando os mecanismos de reutilización de certos datos do sector público."

---

Emenda n.º 9, de Adición. Exposición de motivos

Débese engadir ao final da II epígrafe da exposición de motivos un novo parágrafo que será redactado co seguinte contido:

"Do mesmo xeito, a Lei de Datos (Data Act), busca restablecer regras harmonizadas sobre o acceso xusto aos datos e o seu uso, incluíndo os datos xerados por dispositivos IoT. Pretende facilitar o cambio entre servizos de computación na nube e protexer contra a transferencia ilegal de datos non persoais."

---

**Asinado dixitalmente por:**





**José Ramón Gómez Besteiro na data 23/10/2024 16:55:29**



# **ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA**

## **1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS**

### **1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA**

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

### **1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL**

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

### **1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO**

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

### **1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN**

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

### **1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS**

### **1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO**

### **1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN**

## **2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO**

### **2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO**

### **2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS**

### **2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR**

### **2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO**

## **3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA**

## **4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS**

### **4.1. INFORMACIÓNS**

### **4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS**





PARLAMENTO  
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO  
**PARLAMENTO DE GALICIA**

---

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

